

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: MEDIDAS EXTRAORDINARIAS EN MATERIA TRIBUTARIA E NOS INGRESOS DE DEREITO PUBLICO DO CONCELLO DE AMES POLO CORONAVIRUS COVID-19

EXPEDIENTE: 2020/G003/000724

Considerando a declaración do estado de alarma efectuada polo Goberno, a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo (BOE 14 de marzo), para afrontar a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19.

Considerando que a suspensión dos termos e a interrupción dos prazos dos procedementos administrativos a que de fai referencia o Real Decreto citado, no apartado 1 da disposición adicional primeira non é de aplicación aos prazos tributario, segundo redacción dada polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo (BOE 18/03/2020).

Considerando o Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, (BOE núm. 73 de 18.03.2020) que dedica o precepto 33 á “suspensión de prazos no ámbito tributario” e a disposición transitoria terceira que prevé que o artigo 33 só se aplicará aos procedementos iniciados antes do 18 de marzo de 2020.

Visto o informe proposta de tesouraría, emitido no día da data.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro. O período voluntario de ingreso das liquidacións tributarias e de ingresos de dereito público practicadas polo concello de Ames e xa notificadas, con vencemento o 20 de marzo, o 5 de abril, ou o 20 de abril, amplíase ata o 30 de abril.

Segundo. O período voluntario de ingreso de seguintes débedas amplíanse:

Denominación	Fin período voluntario	Ampliación fin período voluntario
Taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, 4º trimestre 2019	07 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Taxa polo saneamento e depuración de augas residuais, 4º trimestre 2019	07 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Taxa pola subministración de auga, 4º trimestre de 2019	07 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral (Bos días, Comedores e Tardes divertidas), decembro 2019	30 de marzo de 2020	30 de abril de 2020

Taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral (Nadal lúdico 2019)	03 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Prezo público pola prestación do servizo das Escolas Infantís municipais, febreiro 2020	07 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, xaneiro 2020	17 de abril de 2020	30 de abril de 2020
Taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación da vida familiar e laboral (Bos días, Comedores e Tardes divertidas), xaneiro 2020	27 de abril de 2020	30 de abril de 2020

Terceiro. Os vencementos dos prazos concedidos para atender requirimentos ou solicitudes de información con trascendencia tributaria, para formular alegacións en procedementos de aplicación de tributos e ingresos de dereito público do concello de Ames, de devolución de ingresos indebidos, de rectificación de erros materiais e revogación, non concluídos a 18 de abril, ampliaranse ata o 30 de abril de 2020.

Cuarto. Os vencementos dos prazos para atender requirimentos ou solicitudes de información con trascendencia tributaria, para formular alegacións en procedementos de aplicación de tributos e ingresos de dereito público do concello de Ames, de devolución de ingresos indebidos, de rectificación de erros materiais e revogación, comunicados a partir do 18 de abril e respecto de procedementos iniciados con anterioridade a esa data, ampliarase ata o 20 de maio de 2020.

Quinto. O vencemento da cota do 5 de abril correspondente aos fraccionamentos e xa concedidos polo concello de Ames, modifícase ao 30 de abril de 2020.

Sexto. O disposto nesta resolución non resulta de aplicación a aqueles tributos e ingresos de dereito público do concello de Ames que cuxa xestión, liquidación e inspección está delegada na Deputación Provincial da Coruña.

Ames, 18 de marzo de 2020

Alcaldía

José Manuel Miñones Conde

Secretaría

Rosa Ana Prada Queipo